

Acta núm. 20/2018.
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local
do 20 de decembro de 2018

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Luis Sampedro Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do 20 de decembro de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 11 de decembro de 2018.
- 2º.- Comunicacions previas (obras menores).
- 3º.- Licenzas de segregación.
- 4º.- Bonificación de prezos públicos.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 11 DE DECEMBRO DE 2018.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 11 de decembro de 2018, acta núm. 19/2018.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL FERREIRO FREIRE, con domicilio en O Cabo 16, Os Ánxeles, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de O Cabo 16, Os Ánxeles, substituindo as tellas vellas por outras novas, sen incrementar o volume actual da mesma.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo de núcleo rural en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DIMAS RODRIGUEZ FRAGA, con domicilio en Sanín 30, Os Ánxeles, na que comunica que vai facer un movemento de terra na finca con referencia catastral 001200200NH24D0001KX, en Sanín, Os Ánxeles, que non alterará en máis de tres metros a rasante natural do terreo.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo rústico, séndolle de aplicación o réxime establecido pola Lei 2/2016 do solo de Galicia, para o solo rústico coa correspondente categoría, en aplicación do disposto ao respecto pola súa disposición transitoria primeira letra 2.d).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE MANUEL FERNANDEZ GARCIA, con domicilio en Guitiande 12, Os Ánxeles, na que comunica que vai facer un movemento de terra nas fincas coas seguintes referencias catastrais: 15013A038011310000UZ, 15013A038011290000UU, 15013A038011330000UH e 15013A038011350000UA, de 30 cm. de espesor, no Outeiro, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación de solo rústico de protección forestal, séndolle de aplicación o réxime establecido pola Lei 2/2016 do solo de Galicia, para o solo rústico coa correspondente categoría, en aplicación do disposto ao respecto pola súa disposición transitoria primeira letra 2.d).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE MONTEAGUDO REY, con domicilio en Brión de Abaixo 24, Brión, na que comunica que vai facer as seguintes obras en Brión de Abaixo 24, Brión:

.- Aumentar a altura do peche existente de dous lindeiros da parcela, que non lindan con vía pública, ata unha altura máxima de 1,50 m, con bloques de formigón convenientemente revestidos e pintados.

.- Construír un galpón de 50 m² e altura máxima de 3 m, para gardar apeiros de labranza, con formigón revestido e pintado e cuberta de tella, e situado mínimo a 5 metros de tódolos lindeiros.

A parcela onde se pretenden executar as obras, aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación o réxime establecido pola Lei 2/2016 do solo de Galicia, para o solo rústico coa correspondente categoría, en aplicación do disposto ao respecto pola súa disposición transitoria primeira letra 2.d).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Roberto Pereiras Guinarte, que di actuar en representación de MANUEL SAAVEDRA S.L., con domicilio na Rúa Viorneira 1, Milladoiro, Ames, na que solicita licenza de segregación da parcela 520 do plano de concentración parcelaria da zona de Bastavales, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico forestal Roberto Pereiras Guinarte, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia o 11/12/2018; núm. Expte:180723.

Descrición da parcela de orixe:

Parcela 520 do plano de concentración parcelaria da zona de Bastavales, con dúas referencias catastrais.

Superficie total: 2.242 m².

Clasificación urbanística: porción de parcela con ref. catastral 15013B503005200000MU, de 1.423 m², clasificada polo PXOM como solo rústico de protección agropecuaria e porción parcela con referencia catastral 7220405NH2472S0001MF, de 819 m², clasificada polo PXOM como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: parcela catastral 15013B503005180000MH.

Sur: pista asfaltada, sen referencia catastral.

Leste: parcelas catastrais 7220401NH2472S0001PF, 15013B503005190000MW e 15013B503005190000MW.

Oeste: parcelas catastrais 7220407NH2472S000JD e 15013B503005190000MW

Segregación pretendida:

Lote 1:

Superficie bruta: 1.834 m².

Superficie de cesión: 23 m² (a 4 metros do eixo).

Superficie neta: 1.811 m²

Clasificación urbanística: ten dúas clasificacións: solo clasificado como rústico de protección agropecuaria (1.423 m²); e solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM NRL-1 (411 m²).

Lindes:

Norte: parcela catastral 15013B503005180000MH.

Sur: pista asfaltada, situándose neste linde a cesión efectuada.

Leste: parcela segregada da finca matriz que se corresponde co Lote 2 e parcelas catastrais 15013B503005190000MW e 15013B503005180000MH.

Oeste: parcelas catastrais 7220407NH2472S000JD e 15013B503005190000MW

Lote 2:

Superficie bruta: 408 m².

Superficie de cesión: 29 m² (a 4 metros do eixo).

Superficie neta: 379 m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM NRL-1.

Lindes:

Norte: parcela segregada da finca matriz que se corresponde co Lote 1.

Sur: pista asfaltada, situándose neste linde a cesión efectuada.

Leste: parcela catastral 7220401NH2472S0001PF.

Oeste: parcela segregada da finca matriz que se corresponde co Lote 1.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar as cesións dos terreos das seguintes superficies: 23 m² e 29 m², destinados a viais ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- BONIFICACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS.

a) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por Y.M.S.Q., con rexistro de entrada no Concello núm. 4459, do 22.11.2018, na que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación nos seguintes cursos: Curso básico de lingua galega e Curso de preparación para o acceso a ciclos de FP.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 12/12/2018, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a Y.M.S.Q. as seguintes bonificacións do 100% dos prezos públicos por importe de: 60 €, correspondente a súa participación no curso básico de lingua galega e 50 €, correspondente a súa participación no curso de preparación para o acceso a ciclos de FP, que se levan a cabo durante os meses de decembro de 2018 a maio de 2019, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.5 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos.

b) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por S.I.M.Z., con rexistro de entrada no Concello núm. 4492, do 26.11.2018, na que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación nos seguintes cursos: Curso básico de lingua galega e Curso de preparación para o acceso a ciclos de FP.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 12/12/2018, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a S.I.M.Z. as seguintes bonificacións do 100% dos prezos públicos por importe de: 60 €, correspondente a súa participación no curso básico de lingua galega e 50 €, correspondente a súa participación no curso de preparación para o acceso a ciclos de FP, que se levan a cabo durante os meses de decembro de 2018 a maio de 2019, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.5 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos.

c) Deuse conta de dúas solicitudes de bonificación presentadas por M.A.P.M., con rexistro de entrada no Concello núm. 4489, do 26.11.2018 e núm. 4611, do 05.12.2018, nas que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación nos seguintes cursos: Curso básico de lingua galega e Curso de preparación para o acceso a ciclos de FP.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 12/12/2018, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a M.P.M. as seguintes bonificacións do 100% dos prezos públicos por importe de: 60 €, correspondente a súa participación no curso básico de lingua galega e 50 €, correspondente a súa participación no curso de preparación para o acceso a ciclos de FP, que se levan a cabo durante os meses de decembro de 2018 a maio de 2019, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.5 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos.

d) Deuse conta de dúas solicitudes de bonificación presentadas por R.C.P., con rexistro de entrada no Concello núm. 4488, do 26.11.2018 e núm. 4612, do 05.12.2018, nas que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación nos seguintes cursos: Curso básico de lingua galega e Curso de preparación para o acceso a ciclos de FP.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 12/12/2018, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a R.C.P. as seguintes bonificacións do 100% dos prezos públicos por importe de: 60 €, correspondente a súa participación no curso básico de lingua galega e 50 €, correspondente a súa participación no curso de preparación para o acceso a ciclos de FP, que se levan a cabo durante os meses de decembro de 2018 a maio de 2019, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.5

da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos.

e) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por M.P.C, con rexistro de entrada no Concello núm. 4487, do 26.11.2018, na que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación no: Curso básico de lingua galega.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 12/12/2018, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a M.P.C. unha bonificación do 100% do prezo público por importe de 60 € correspondente a súa participación no: Curso básico de lingua galega, que se leva a cabo durante os meses de decembro de 2018 a maio de 2019, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.5 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos.

f) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por A.V.A.B., con rexistro de entrada no Concello núm. 4654, do 10.12.2018, na que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación no: Curso básico de lingua galega.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 12/12/2018, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a A.V.A.B. unha bonificación do 100% do prezo público por importe de 60 € correspondente a súa participación no: Curso básico de lingua galega, que se leva a cabo durante os meses de decembro de 2018 a maio de 2019, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.5 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos.

g) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por A.U.G., con rexistro de entrada no Concello núm. 4709, do 13.12.2018, na que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación no: Curso básico de lingua galega.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 18/12/2018, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a A.U.G. unha bonificación do 100% do prezo público por importe de 60 € correspondente a súa participación no: Curso básico de lingua galega, que se leva a cabo durante

os meses de decembro de 2018 a maio de 2019, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.5 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos.

h) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por L.M.V.U., con rexistro de entrada no Concello núm. 4710, do 13.12.2018, na que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación no: Curso básico de inglés.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 18/12/2018, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a L.M.V.U. unha bonificación do 100% do prezo público por importe de 210 € correspondente a súa participación no: Curso básico de inglés, que se leva a cabo durante os meses de decembro de 2018 a xuño de 2019, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.5 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13,45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González